



Obxectivos específicos curso 2018-2019

Análise do resultado dos obxectivos específicos propostos para o curso 2017-2018 da como resultado unha nova proposta de obxectivos específicos para o curso 2018-2019

Obxectivos formativos:

1. Insistir na importancia da cultura do esforzo e na responsabilidade persoal, valores fundamentais non só para os primeiros cursos da ESO senón tamén para os seguintes que configuran o percorrido escolar.
2. Esixir o cumprimento nos prazos de entrega dos traballos u outra documentación que deban presentar.
3. Insistir na puntualidade á entrada e saída de clase como norma fundamental de responsabilidade e respecto aos demais.
4. Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade educativa. De xeito particular promoverase a tolerancia e a convivencia entre o alumnado, o respecto á diversidade e o dereito de todos á integración no grupo.
5. Promover a educación en igualdade, evitando o sexismo en todas as súas manifestacións.
6. Impulsar a limpeza, orde e uso dun ton de voz moderado (nas aulas, corredores e patio, así como nas actividades complementarias) como hábitos de civismo imprescindibles para unha boa convivencia no Centro.
7. Potenciar a concienciación ecolóxica entre os distintos membros da Comunidade Escolar, resaltando a importancia dunha boa utilización das enerxías e do coidado do medio ambiente.
8. Alentar ao alumnado a participar nas actividades que o Instituto propoña para a celebración de datas como o Día da Paz, do Medio Ambiente, da Saúde... etc, así como todas as que contribúen ao currículo transversal.



9. Fomentar a participación activa da Xunta de Delegados na vida do Centro vixiando que exerzan a súa función como representantes dos seus compañeiros.
10. Potenciar a utilización de Servizo de Mediación como vehículo para a resolución de conflitos entre o alumnado e, ademais, intentar que exista en cada clase un alumno axudante.
11. Realizar campañas de sensibilización sobre o acoso e o ciberacoso
12. Formar aos alumnos na utilización segura das redes sociais.
13. Colaboración coa ANPA na posta en marcha de novas actividades extraescolares
14. Aproveitar o tempo de lecer do alumnado para fomentar a súa creatividade e a práctica deportiva

Obxectivos curriculares:

1. Fomentar o hábito de lectura insistindo na importancia da comprensión lectora
2. Promover a igualdade no uso do castelán e o galego e fomentar o estudo das linguas estranxeiras.
3. Alentar ao alumnado a ser coidadoso na presentación dos seus traballos, tanto no ámbito diario da clase como nos exames. Prestar especial atención á corrección da expresión escrita.
4. Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado e impulsar a súa creatividade.
5. Impulsar a competencia dixital imprescindible para o desenvolvemento de habilidades que permitan a busca, selección e transmisión de información así como a transformación desta en coñecemento.



6. Impulsar o desenvolvemento da competencia motora prestando especial atención ao alumnado con diversidade funcional

Obxectivos organizativos:

1. Continuar o desenvolvemento dos planos Lector e TIC.
2. Elaborar e aprobar as NOF e o Plan de Atención á Diversidade.
3. Aumentar a visibilidade do centro nas redes sociais.
4. Establecemento dun protocolo de protección de datos adaptado á nova lexislación.

2. Medidas e recursos previstos para a consecución dos obxectivos específicos:

1. Os titores procuraran o tempo necesario a que o alumnado reflexione sobre os seus hábitos de traballo : tempo diario de estudo, horario para realizaren as tarefas, aproveitamento dos tempos de traballo no Instituto así como a actitude na clase ou actividades, tanto de xeito individual como colectivamente.
2. O departamento de Orientación organizará a práctica de diferentes técnicas de estudo.
3. Os titores/as e todo o profesorado esixirán que se cumpran os prazos na entrega de traballos e documentos, así como que estes estean correctamente presentados.
4. O profesorado, os titores/as, a xefa de estudos, os celadores e o propio alumnado velarán pola puntualidade na entrada e saída das clases e porque se respecte o silencio ou o uso dun ton de voz moderado en todas as actividades que se realicen tanto no instituto como fóra deste.



5. O alumnado, os celadores e o profesorado velarán polo mantemento da limpeza do centro e porque os alumnos/as utilicen as papeleiras nas actividades que se realicen fóra deste.
6. A través da Xunta de Delegados fomentaranse e organizaranse actividades que impliquen aos alumnos na conservación e mantemento das instalacións do centro
7. O profesorado será especialmente coidadoso na esixencia da limpeza nas aulas, responsabilizándose de que estas queden limpas e ordenadas cando finalice a súa clase. Así mesmo, nas sesións de titoría, incidirase na importancia do mantemento axeitado das instalacións do centro.
8. Os profesores que por causas previsibles falten á clase deixarán na XE e á disposición do profesor de garda traballo preparado para os seus alumnos.
9. O profesor de garda encargarse de que os alumnos dediquen o tempo desta a traballar, decidindo, no caso de que non teñan traballo preparado polo profesor da materia correspondente, se lles permite facer o seu traballo persoal ou ben calquera outra actividade que se considere formativa. Para este efecto, no primeiro ciclo da ESO, pódese facer uso das actividades facilitadas polo Departamento de Orientación para potenciar a lectura comprensiva e a capacidade de razoamento do alumnado. As devanditas actividades están a disposición dos profesores de garda, do encargado da biblioteca e de todos aqueles que as consideren útiles para as súas clases.
10. Cara a potenciar o hábito de lectura entre os membros da comunidade educativa e o uso da biblioteca do centro, realizaranse nesta distintas actividades ao longo do curso: o currunchos do lector, celebracións relacionadas, concursos, taboleiro de libros recomendados, etc.
11. Seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica O Servizo de Mediación de Conflitos e o Departamento de Orientación , organizarán actividades para a convivencia de rapaces e rapazas dirixidas aos alumnos dos primeiros cursos da ESO.



Realizanse campañas de sensibilización cara á formación do alumnado sobre o bullying e o cyberbullying. Nas clases de titoría levaranse a cabo actividades para reflexionar sobre os problemas que poden supoñer para un mesmo e para os demais o maltrato entre iguais. Farase especial fincapé no relativo as redes sociais

12. O Departamento de Actividades Extraescolares planificará ao principio de curso, coa axuda dos profesores que se presten voluntarios, os días especiais que o IES vai celebrar e as actividades que se realizarán, tratando de implicar nas devanditas actividades á maior cantidade posible de profesores, á Xunta de Delegados e, a través dela, a todos os alumnos, impulsando deste xeito a reflexión individual e colectiva sobre os principios e valores que se desexan transmitir coa celebración.

13. Potenciar o uso das bibliotecas de barrio, as municipais, a da Deputación provincial e fundamentalmente a do centro.

14. Cos titores os alumnos traballarán as funcións do delegado, reflexionando sobre a importancia do seu papel e realizarán actividades que conduzan a unha elección responsable dos seus representantes.

15. Fomentaranse reunións periódicas da Xunta de Delegados que respondan a unha verdadeira actitude de converterse en voceiros dos seus representados con respecto ao resto da comunidade educativa, para o que sería conveniente que se fixesen asembleas por clases antes das referidas reunións. A xefa de estudos velará para que a Xunta revise ao comezo do curso o seu propio regulamento de funcionamento e que o respecte ao longo do curso.

16. Tratarase, na medida do posible, de que o profesorado incorpore ao seu labor os medios tecnolóxicos dos que dispón o centro e a busca de información a través da prensa, Internet, etc.. Con este fin organizaranse cursos que se impartirán dirixidos a este colectivo.



17. Potenciarase o uso da páxina web e do Moodle do Instituto, instando a todos os membros da Comunidade Educativa á utilización dos diferentes recursos que nela se ofrecen, tanto didácticos coma administrativos.

18. Así mesmo potenciarase a colaboración co departamento de información dixital da Deputación da Coruña como ferramenta de divulgación das actividades, calendarios, etc.

19. A Comisión Pedagóxica, a través dos Xefes de Departamento velará para que para que os distintos departamentos manteñan os seus recursos didácticos actualizados na páxina Web. Así mesmo, a Secretaria do Centro vixiará que permaneza actualizada a páxina de secretaría.

20. Nas reunións de titores e dos membros da CCP seguirase a traballar para adaptar o as NOF e o PXAD

21. Dotar de ordenadores as aulas do primeiro andar e segundo andar.

22. Promocionar a participación de exalumnos e de pais de alumnos do centro para desenvolvemento de actividades.

23. Continuar impulsando/apoiando proxectos con outras institucións de apoio ao alumnado do IES: Centros cívicos, Programa Promociona, etc....

24. Consolidación do funcionamento da aula de creatividade posta en marcha no curso 16/17

25. Participación do grupo de teatro no Certame de teatro da Coruña

26. Promoción de novos deportes de equipo nas horas de lecer do alumnado



3. Recursos materiais cos que conta o centro para levar a cabo os obxectivos específicos

- De tipo bibliográfico: Biblioteca xeral e bibliotecas de aula

- De tipo audiovisual: O centro está provisto de wifi (en proceso de reforma) o que permite que en todas as aulas poda facerse uso de Internet. Todas constan ademais proxector, pantalla e sistema de audio. As aulas de desdobres, as específicas e a biblioteca constan de taboleiro dixital. O centro consta de 20 PC-tablets e 12 ordenadores portátiles para o seu uso nas aulas. A biblioteca do centro está tamén dotada de taboleiro dixital e 12 ordenadores nos que o alumnado poderán recoller información seguindo a normativa de uso que se lles facilita.

- Aulas específicas: Debuxo; Informática (25 ordenadores); Tecnoloxía (25 ordenadores); Música; Aula de audiovisuais; Aula Usos múltiples; Aula Esther Iglesias (28 ordenadores), aula de apoio (3 tablets, 1 ordenador)

- Laboratorios: Ciencias; Física; Química

- Polideportivo